

**ANEXO I
PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach**

Dirección do proxecto	
Nome: Paloma Morán Martínez	
Enderezo electrónico: paloma@uvigo.es	Teléfono:
Co-dirección do proxecto	
Bienio	2020 - 2022
Número de participantes (máx. 4)	1

Título

Estudo da diversidade xenética dunha pequena poboación de *Z. noltei* en A Guarda

Resumo

As pradeiras mariñas posúen un papel relevante nos ecosistemas litorais. Nas últimas décadas estas pradeiras mariñas sufriron un importante retroceso. O xénero *Zostera* está formado por diversas especies vexetais que conforman estas pradeiras nas costas galegas e cabe destacar a especie *Z. noltei*, moi abundante na nosa contorna. O declive destas poboacións de *Z. noltei* pode supoñer unha perda significativa na súa diversidade xenética o que pode poñer en risco a súa supervivencia.

Obxectivo

O obxectivo deste proxecto é cuantificar a diversidade xenética de dúas poboacións de *Z. noltei* (A Ramallosa e A Guarda) mediante AFLPs.

Plan de traballo

Redacción do proxecto. Nunha primeira fase do programa STEMBach (primeiro trimestre 1º de bacharelato), redactarase o proxecto do traballo de investigación, identificando a problemática obxecto de estudo e as variables necesarias. Realizarase unha procura de información bibliográfica.

Obtención de datos. (2º e 3º trimestre de 1º de bacharelato). Recollida de mostras, obtención dos polimorfismos dos AFLPs, análise dos datos obtidos.

Redacción da memoria. (1º trimestre de 2º de bacharelato). Interpretaranse os datos obtidos extraendo as principais conclusións. Redactarase a memoria do proxecto.

Defensa do proxecto. (2º trimestre de 2º de bacharelato). Elaborarase unha presentación audiovisual para a defensa do proxecto diante do tribunal avaliador.